

RESOLUCIÓN do 25 de novembro de 2019, , do tribunal designado para o acceso e ingreso nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocado pola Orde do 31 de maio de 2019 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 115 do 19 de xuño)

Na sesión que tivo lugar o día 25 de novembro, o tribunal nomeado pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 195 do 14 de outubro), designado para xulgar o acceso e ingreso nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocado pola Orde do 31 de maio de 2019, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

ACORDOU:

PRIMEIRO.- Publicar, como ANEXO I a esta Resolución, a listaxe de persoas aspirantes que resultaron aptas no terceiro exercicio, probas de aptitude física, seguindo un criterio alfabético.

Publicar como Anexo II as cualificacións e tempos realizados por todos os aspirantes que realizaron o terceiro exercicio.

SEGUNDO.- Conforme ao establecido na base 6.7. da convocatoria do proceso selectivo, as cualificacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na sede da AGASP e na súa páxina web e será concedido un prazo de cinco (5) días a efectos de alegacións, que se contarán a partir da publicación da resolución do tribunal pola que se publican as puntuacións do correspondente exercicio.

TERCEIRO .- Contra esta resolución poderase interpoñer recurso administrativo ante o órgano competente conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tal como establece a disposición derradeira da orde da convocatoria.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019

O presidente do tribunal

Alejandro Tuero González

